REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 06.04.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
30 MAR. 2017
Núm. 2132

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas orais en Comisión

1.1 3960 (10/POC-000678)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño, así como, se é o caso, os mecanismos de actuación que establecería o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

1.2 4714 (10/POC-000814)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da decisión do Goberno portugués de promover un macropolígono industrial entre Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira para captar máis empresas relacionadas co sector do automóbil, as medidas impulsadas para evitar a súa crecente deslocalización cara Portugal e as previstas para facer competitivo o chan industrial de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.3 5202 (10/POC-000891)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre os datos referidos á produción nos últimos cinco anos de megavatios/hora das centrais hidráulicas concesionadas a Ferroatlántica, a súa valoración económica e a data de vencemento da concesión de cada unha desas centrais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

1.4 5224 (10/POC-000896)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis
Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coas tres edicións do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
30 MAR. 2017
Núm. 2132

programa Re-Acciona implantado polo Igape para impulsar a creatividade e a innovación empresarial, así como a colaboración dese instituto coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a posta en marcha do programa Re-Acciona TIC

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

1.5 5770 (10/POC-001008)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis

Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo pola Axencia de Turismo de Galicia polas diferentes comarcas para explicar a nova normativa que regulará as vivendas de uso turístico, a valoración do sector ao respecto e as razóns para a súa aprobación, así como as súas vantaxes para os propietarios e turistas e os requisitos que se exixen para o alugamento dunha vivenda para ese fin

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

1.6 5891 (10/POC-001032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a estratexia definida polo Goberno galego para a posta en funcionamento da Axencia Galega da Industria Forestal, as súas liñas básicas e o establecemento dalgunha vía de coordinación entre as consellerías de Economía, Traballo e Industria e de Medio Rural para ese fin, así como a existencia dalgún calendario pechado para a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

1.7 6067 (10/POC-001055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co número de vivendas de uso turístico declaradas na data de entrada en vigor do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, a incidencia que vai ter a redacción que presenta para a regulación do mercado actual e as razóns para non autorizar nel o alugamento por habitación, así como os criterios que poderán determinar as dispensas establecidas no artigo 35

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017

1.8 6476 (10/POC-001128)

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
30 MAR. 2017
Núm. 2132

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a información e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias que está a padecer a veciñanza dos concellos de Cartelle e A Merca no acceso aos servizos de telefonía e da Internet, así como a posta á disposición da compañía telefónica polos propietarios do monte en man común do Couto do Castro dos terreos para a instalación dunha antena que dea cobertura a diversas zonas do concello da Merca e a valoración destas situacións á hora de desenvolver o Plan de banda larga de Galicia 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/03/2017 13:27:00

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 3960(10/POC-000678)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño, así como, se é o caso, os mecanismos de actuación que establecería o Goberno galego

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:47
Nº Rexistro: 3960
Data envio: 23/01/2017 17:47:59.959

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Ferández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relacionada coa actividade en Galicia da empresa *Frigolouro.*

A planta de procesado de porcino Frigolouro, ubicada no municipio do Porriño, anunciou nun comunicado da empresa con data 2 de novembro de 2016 que está valorando o traslado da súa actividade a municipios do Norte de Portugal, onde xa se atopa buscando terreos.

Si ben é certo que existe unha rectificación posterior dirixida ao cadro de persoal por parte da Xerencia da planta, dito comunicado supón unha situación de inquedanza para as traballadoras e traballadores de *Frigolouro.*

Co obxectivo de despexar calquera tipo de dúbida en relación a esta planta que só de forma directa xera arredor de 600 empregos, é completamente necesario o diálogo conxunto entre as Administracións Local e autonómica, os sindicatos e a empresa de cara a asegurar o mantemento da actividade e o emprego a longo prazo na planta do Porriño.

Frigolouro, non é a única empresa en Galicia que valora o traslado da su produción ao norte de Portugal, por iso, faise necesario que a Administración se dote de medidas ou mecanismos tendentes a evitar este tipo de decisións empresariais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:47
Nº Rexistro: 3960
Data envio: 23/01/2017 17:47:59.959

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior, o Grupo de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é a información que ten a Xunta de Galicia en relación con este tema e cales son os mecanismos de actuación que establecería a propia Xunta no caso de levarse a cabo o traslado da actividade de *Frigolouro* ao norte de Portugal?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/01/2017 17:47:18

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 4714(10/POC-000814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co impacto na economía galega da decisión do Goberno portugués de promover un macropolígono industrial entre Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira para captar máis empresas relacionadas co sector do automóbil, as medidas impulsadas para evitar a súa crecente deslocalización cara Portugal e as previstas para facer competitivo o chan industrial de Galicia

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 10:31
Nº Rexistro: 4714
Data envio: 08/02/2017 10:31:42.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á valoración do goberno galego do impacto na economía galega da decisión do goberno luso de promover un macropolígono entre Valença do Minho e Vila Nova de Cerveira para captar máis industria.

Segundo recentes noticias, o goberno portugués está a traballar na promoción e desenvolvemento dun macropolígono situado entre Valença e Cerveira coa intención de captar así máis industria edificando nunha zona de até 140 hectáreas entre ambas as dúas localidades e aproveitar de forma especial unha conexión vía EN-13 -Sapardos. Concretamente, isto implica un parque en desenvolvemento que está a poucos quilómetros de distancia dos concellos de Tui ou de Porriño no sur de Pontevedra.

As estratexias destas localidades portuguesas, do mesmo xeito que outras semellantes que temos coñecido ben pola prensa ben polas comunicacións públicas do goberno luso amosan unha batería de estratexias conducentes a absorber un maior volume de empresas e industria relacionadas co desenvolvemento do automóbil, o que podería ter consecuencias sobre a economía galega ao atraer máis empresas de matriz galega e desincentivar a incorporación de novas empresas a solo galego por atoparen mellores opcións a poucos quilómetros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 10:31
Nº Rexistro: 4714
Data envio: 08/02/2017 10:31:42.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o grupo parlamentar do BNG observamos con preocupación a crecente deslocalización e os efectos que parece anunciar sobre a industria galega, polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

-Que medidas impulsou ou vai impulsar a Xunta de Galiza para evitar a crecente deslocalización cara Portugal?

-Que valoración fai o goberno galego das alianzas entre cámaras municipais portuguesas para ampliar solo industrial e aumentar a competitividade nun sector tan importante para o sur galego?

-Ten pensado a Xunta promover novas medidas para facer competitivo o seu chan industrial? Cales?

-Ten avaliado a Xunta a posibilidade de mellorar e promocionar polígonos industriais do sur de Ourense e Pontevedra para atraer novas empresas vinculadas á automoción?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 10:31
Nº Rexistro: 4714
Data envio: 08/02/2017 10:31:42.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 10:17:03

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 10:17:09

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 10:17:13

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 10:17:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 10:17:19

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 10:17:21

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 5202(10/POC-000891)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre os datos referidos á produción nos últimos cinco anos de megavatios/hora das centrais hidráulicas concesionadas a Ferroatlántica, a súa valoración económica e a data de vencemento da concesión de cada unha desas centrais

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 13:02
Nº Rexistro: 5202
Data envio: 15/02/2017 13:02:59.969

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª.

A compañía Ferroglobe, propietaria de Ferroatlántica, facendo oídos xordos ás Proposicións non de lei presentadas por En Marea e polo BNG, aprobadas por unanimidade o pasado 2 de decembro de 2016, nas que o Parlamento de Galicia manifestaba a imposibilidade legal da segregación das centrais dos ríos Xallas e Grande da compañía Ferroatlántica e as manifestacións da Xunta de Galicia no mesmo senso, informa á opinión pública e aos reguladores bursátiles que a venda xa está acordada co fondo de inversión Brookfield.

Nesa mesma estratexia de feitos consumados en contra da lei e das condicións das concesións, o director xeral de Ferroglobe vén de realizar unhas declaracións aos medios e ao comité de empresa de Ferroatlántica nas que quita valor á rendibilidade económica da explotación das centrais deixándoa en 8 M€ ao ano. A partir deste dato trata de xustificar un Plan industrial raquítico e ausente de compromisos para a comarca da Costa da Morte.

Segundo os datos que temos en En Marea de fontes públicas (REE e OMIE) a produción hidráulica na provincia de A Coruña no ano 2016 foi (excluíndo as grandes centrais de Gas Natural Fenosa) de 641.491 MWh e o prezo medio do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 13:02
Nº Rexistro: 5202
Data envio: 15/02/2017 13:02:59.969

mercado diario de 45 €/MWh, isto suporía uns 28 M€ de ingresos de explotación, dos que habería que descontar os gastos de mantemento e explotación que semellan ser moi reducidos. A parte de amortización das instalacións consideramos que xa é inapreciable despois de décadas de explotación.

A inmensa maioría desta produción hidráulica na provincia da Coruña corresponde ás centrais de Ferroatlántica con máis de 126 MW instalados, xa que o resto son mini ou microcentrais.

Segundo a Orde de 23 de xaneiro de 2009, pola que se establece o procedemento para a captación e procesamento dos datos de produción enerxética das instalacións acollidas ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia, o INEGA dispón dos datos exactos de produción das centrais de Ferroatlántica.

É imprescindible ter transparencia nestes datos de produción ao efecto de avaliar o rendemento económico anual das centrais mencionadas.

A este fin, En Marea presenta as seguintes Preguntas ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cal foi a produción en MWh dos últimos cinco anos das centrais hidráulicas coa concesión a Ferroatlántica, de maneira global e desagregada central a central?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 13:02
Nº Rexistro: 5202
Data envio: 15/02/2017 13:02:59.969

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.- En función dos datos dos prezos de mercado en posesión do INEGA, cal é a valoración económica de dita produción tamén nos últimos 5 anos?

3.- Cal é a data de vencemento das concesións de cada central concesionada a Ferroatlántica?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/02/2017 12:56:32

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 5224(10/POC-000896)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coas tres edicións do programa Re-Acciona implantado polo Igape para impulsar a creatividade e a innovación empresarial, así como a colaboración dese instituto coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a posta en marcha do programa Re-Acciona TIC

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:52
Nº Rexistro: 5224
Data envio: 16/02/2017 10:52:16.108

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e **Cristina Romero Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A creatividade e a innovación empresarial, non só son valiosas e esenciais para alcanzar o éxito empresarial, senón que serven para lograr que unha empresa poida sobrevivir nun mercado cada vez más competitivo.

O número de empresas do sector TIC de Galicia alcanzou a cifra de 2.331 (2016) fronte ás 2.242 (2015) do ano anterior o que representa o crecemento do 4% e mantén a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma co maior nº de empresas no sector TIC.

O sector TIC deu emprego a 14.683 traballadores no ano 2015, o que supón un incremento do 8,9% no último ano.

O 79,4% figuran inscritos en réxime xeral a cotización de seguridade social (12.446) e o 20,6% en réxime de traballadores autónomos (3.237).

Dende ó IGAPE estase a traballar nese eido dende o ano 2012, coa implantación do Programa ReAcciona. O Programa ReAcciona xorde da necesidade das empresas galegas de reinventarse para dar resposta aos retos do mercado.

Ademais, no ano 2015 a colaboración do IGAPE e Amtega puxo en marcha un novo programa baseado na filosofía do programa principal: ReAcciona TIC, cunha primeira edición posta en marcha en setembro do 2016 para facilitar a incorporación de aplicacións TIC e solucións propias da Industria 4.0 ás pemes.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:52
Nº Rexistro: 5224
Data envio: 16/02/2017 10:52:16.108

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Un programa que supón unha implicación da empresa no desenvolvemento do proxecto de mellora, o cal garante o éxito nos resultados. Desde o IGAPE e a AMTEGA préstase un apoio económico subvencionando nun 85 % o custo dun servizo que se desenvolve de maneira conxunta e guiada por unha entidade colaboradora do IGAPE, que en todo momento está a disposición da empresa durante a duración do servizo de mellora.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que avaliación realiza o Goberno galego das 3 edicións do Programa ReAcciona?

2. Que valoración realiza o goberno galego da colaboración mutua entre IGAPE e AMTEGA para a posta en marcha do Programa ReAcciona TIC?

Santiago de Compostela 16 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 16/02/2017 10:46:27

Moisés Blanco Paradelo na data 16/02/2017 10:46:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/02/2017 10:46:53

Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2017 10:47:00

Maria Antón Vilasánchez na data 16/02/2017 10:47:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 10:52
Nº Rexistro: 5224
Data envio: 16/02/2017 10:52:16.108

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 10:47:16

Marta Novoa Iglesias na data 16/02/2017 10:47:24

Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/02/2017 10:47:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 5770(10/POC-001008)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis

Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo pola Axencia de Turismo de Galicia polas diferentes comarcas para explicar a nova normativa que regulará as vivendas de uso turístico, a valoración do sector ao respecto e as razóns para a súa aprobación, así como as súas vantaxes para os propietarios e turistas e os requisitos que se exixen para o alugamento dunha vivenda para ese fin

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 17:34
Nº Rexistro: 5770
Data envio: 27/02/2017 17:34:18.183

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariñas, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O decreto que regula as vivendas de uso turístico, que entrará en vigor o próximo 10 de maio,ten suscitado algunha dúbida, sobre todo entre o colectivo afectado que son as persoas propietarias destas vivendas.

A Axencia de Turismo de Galicia está a levar a cabo unha rolda polas diferentes comarcas para explicar esta normativa e mesmo para resolver todas as dúbidas que calquera interesado ou interesada teñan ao respecto.

Por todo isto os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cantas reunións se levaron a cabo para explicar a normativa de vivendas de uso turístico, e en que concellos?
2. Cales foron as inquedanzas suscitadas polas persoas asistentes?
3. Que valoración fai o Goberno destas reunións?
4. Coñece a valoración do sector a esta normativa?
5. Por qué esta nova regulación?
6. Que vantaxes ofrece para propietarios e turistas?
7. Que requisitos son necesarios cumprir para que unha vivenda poda alugarse para uso turístico?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 17:34
Nº Rexistro: 5770
Data envio: 27/02/2017 17:34:18.183

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/02/2017 17:31:15

Maria Antón Vilasánchez na data 27/02/2017 17:31:23

Moisés Blanco Paradelo na data 27/02/2017 17:31:29

María Isabel Novo Fariña na data 27/02/2017 17:31:35

Marta Novoa Iglesias na data 27/02/2017 17:31:43

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/02/2017 17:31:51

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/02/2017 17:31:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 5891(10/POC-001032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a estratexia definida polo Goberno galego para a posta en funcionamento da Axencia Galega da Industria Forestal, as súas liñas básicas e o establecemento dalgunha vía de coordinación entre as consellerías de Economía, Traballo e Industria e de Medio Rural para ese fin, así como a existencia dalgún calendario pechado para a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 17:03
Nº Rexistro: 5891
Data envio: 01/03/2017 17:03:44.534

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na tramitación da Lei de orzamentos de 2017, o Goberno de Partido Popular, fiel aos seus costumes, incluíu unha Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Unha estratexia xa coñecida que permite minimizar o debate parlamentario. No seu momento os socialistas presentamos emendas a totalidade de devolución ao proxecto de lei, coñecida como Lei de acompañamento aos orzamentos, xa que esta norma é contraria á transparencia.

Trátase na nosa opinión, dun procedemento moi cuestionado, polas críticas unánimes da doutrina, e dunha extensa amalgama de preceptos inconexos e sen un criterio minimamente homoxéneo, que resulta contraria a necesaria transparencia, quebrando o principio de seguridade xurídica, modificando aspectos lexislativos moi relevantes a través de una utilización espúrea de esta figura.

Este mecanismo imposibilita poder afondar en diversas cuestiones, ao estar supeditadas á lei orzamentaria e ser tramitada polo procedemento de urxencia, en detrimento da calidade política e xurídica. O Goberno aproveita de maneira interesada a axilidade procedimental da Lei de orzamentos, pero sen verse afectada polas súas restricións.

Esta lei, na última das súas disposicións adicionais, a sexta, autoriza a creación da Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á consellaría competente en materia de economía.

Os socialistas xa presentamos no seu momento, sen éxito, unha emenda de supresión desta disposición adicional, xa que na nosa opinión, por un lado, presenta un enfoque cara unha explotación exclusivamente economicista e produtivista do monte, e non prioriza e garante de maneira contundente a sostibilidade medioambiental do medio rural; ademais de poñer en cuestión

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 17:03
Nº Rexistro: 5891
Data envio: 01/03/2017 17:03:44.534

a imprescindible coordinación dos centros de investigación en materia forestal existentes na nosa comunidade autónoma.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten definida a Xunta de Galicia unha estratexia clara de posta en funcionamento da recén creada Axencia Galega da Industria Forestal?
2. Tense establecido algunha vía de coordinación entre a Consellería de Economía, Traballo e Industria e a Consellería de Medio Rural de cara a creación de dita axencia?
3. Existen xa unhas liñas básicas de adscrición en canto ás competencias e ámbitos de actuación?
4. Existen xa unhas liñas básicas de adscrición en canto ao persoal?
5. Existen xa unhas liñas básicas no reparto das dotacións orzamentarias?
6. Existen xa unhas liñas básicas no proceso de reorganización e adscrición dos centros de investigación?
7. Existe un calendario pechado para a súa posta en marcha efectiva?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/03/2017 17:00:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/03/2017 17:01:01

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/03/2017 17:01:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 6067(10/POC-001055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co número de vivendas de uso turístico declaradas na data de entrada en vigor do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, a incidencia que vai ter a redacción que presenta para a regulación do mercado actual e as razóns para non autorizar nel o alugamento por habitación, así como os criterios que poderán determinar as dispensas establecidas no artigo 35

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 17:03
Nº Rexistro: 6067
Data envio: 03/03/2017 17:03:05.374

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 6ª.

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividade económica moi importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorecer o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgunhas ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos.

Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existe un gran consenso no sector da necesidade de regular esta nova tendencia.

É polo que temos que pretender que o *Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia* regule as vivendas de uso turístico sempre que cumpran os requisitos, e á vista do recollido, nel cabe a dúbida dun diálogo construtivo coas asociacións do sector e ademais cabe a dúbida (case a certeza) da posibilidade de cumprimento do mesmo nos termos e prazos establecidos.

Ante esta situación os deputados que asinan preguntan:

1ª) Que expectativas ten a Xunta de Galicia sobre o número de vivendas de uso turístico declaradas no momento en que entre e vigor o dito decreto?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que, tal e como está redactado o decreto, servirá para regular o mercado existente nestes momentos en Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 17:03
Nº Rexistro: 6067
Data envio: 03/03/2017 17:03:05.374

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Nas vivendas de uso turístico da comunidade de Galicia, por que non se pode alugar por habitacións como ocorre noutras comunidades?

4ª) No artigo 35 establécense unhas dispensas, pero nos apartados 1.a, 1.c e 1.d, non se establecen os criterios que poderán determinar esa dispensa, cales son os criterios para estes apartados?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/03/2017 17:00:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/03/2017 17:00:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 6476(10/POC-001128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a información e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias que está a padecer a veciñanza dos concellos de Cartelle e A Merca no acceso aos servizos de telefonía e da Internet, así como a posta á disposición da compañía telefónica polos propietarios do monte en man común do Couto do Castro dos terreos para a instalación dunha antena que dea cobertura a diversas zonas do concello da Merca e a valoración destas situacións á hora de desenvolver o Plan de banda larga de Galicia 2020

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:13
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 13/03/2017 10:13:53.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**.

Na sociedade actual o acceso a unha rede de telefonía e de internet é un elemento básico e imprescindíbel para as e os veciños poderen desenvolver as súas vidas persoais e profesionais en condicións de igualdade de oportunidades. Non en balde, a propia Unión Europea consagrou en setembro de 2016 esta cuestión como un dereito fundamental. A propia Xunta de Galiza desenvolveu o Plan de Banda Larga 2020, aprobado o día 1 de outubro de 2015 en Consello de Xunta, que teoricamente asume os obxectivos estabelecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación así como impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. Porén, existen no noso país concellos que se ven afectados por numerosas zonas de sombra, nomeadamente no rural, constituíndo un hándicap para estas poboacións e contribuíndo a desincentivar a necesaria fixación de poboación nun contexto de crise demográfica.

O grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que unha das zonas afectadas é o concello de Cartelle, no que en partes

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:13
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 13/03/2017 10:13:53.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes destes a falta de cobertura non permite o acceso á telefonía móbil ou á rede de internet. Aínda tendo en conta que hai cuestións que poden dificultar a extensión e normalización do acceso óptimo a estes servizos, como a propia orografía e a dispersión territorial, entendemos como neste caso falta unha aposta decidida polas distintas administracións para posibilitar un acceso óptimo malia as repetidas solicitudes dos veciños e veciñas dun Concello ademais próximo a núcleos de poboación de diferente tamaño que porén si gozan dun servizo suficiente.

Os distintos intentos producidos desde a Deputación Provincial de Ourense de dotar aos concellos da Provincia dunha rede de banda larga, non teñen dado os resultados estimados e os Concellos de Cartelle e da Merca, malia recibir solicitudes da veciñanza, non teñen atopado unha solución. Polo tanto, ao tratarse dunha necesidade importante no actual contexto, cómpre desenvolver actuacións desde outras administracións. A falta deste servizo ten repercusións negativas na fixación de poboación e na actividade das pequenas e medianas empresas e dos traballadores e traballadoras autónomas. Ademais, nun contexto marcado polo desmantelamento dos servizos públicos nos concellos do rural, a falla dun trasporte vertebrador, o peche de colexios ou entidades bancarias contribúen, no rural do interior de Galiza, ao abandono, coas consecuencias medioambientais e económicas que isto provoca.

Para reverter esta situación, as e os veciños da parroquia de Sabucedo, concello de Cartelle, propietarios do monte veciñal en man común do couto do Castro, persoas afectadas pola falla de cobertura, puxeron ao dispor da compañía telefónica os terreos para a colocación dunha antena que dera cobertura, non so á parroquia de Sabucedo, senón tamén á parroquia de Pereira de Montes, do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:13
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 13/03/2017 10:13:53.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello limítrofe de A Merca. Estamos a falar dun importante número de persoas usuarias presentes e futuras que deste xeito poderían desfrutar dunha cobertura de garantías como noutras partes do concello e do país.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Ten constancia o goberno galego da existencia de zonas de sombra no Concello de Cartelle que conleva falta de cobertura telefónica e de internet ocasionando graves prexuízos persoais e profesionais? Ten pensado facer algo ao respecto?

- Ten valorado ou vai valorar a Xunta de Galiza esta situación á hora de desenvolver o Plan de Banda Larga de Galicia 2020 e as actuacións da AMTEGA?

- Coñece a Xunta de Galiza que as e os propietarios do monte en man común do Couto do Castro puxeron ao dispor da compañía telefónica os terreos para a colocación dunha antena que dera cobertura a zonas como a parroquia de Sabucedo e a parroquia de Pereira de Montes, do concello limítrofe de A Merca? Que opinión lle merece a inacción da compañía? Ten pensado intervir para favorecer unha solución?

- Considera o goberno galego que esta situación é compatíbel coa fixación de poboación e o desenvolvemento profesional para as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:13
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 13/03/2017 10:13:53.813

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera, a luz do exposto, suficiente a infraestrutura do RETEGAL?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 10:12:00

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 10:12:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 10:12:11

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 10:12:49

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 10:12:51

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:13
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 13/03/2017 10:13:53.813

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 10:12:54